# *Actualización de ferramentas tecnolóxicas para docentes*



Documento 2
Aspectos básicos
Aula virtual

**IES PINO MANSO (O Porriño)**
**CFR Vigo**

06-22 de maio de 2020

## SUMARIO

Tema 0. Estrutura básica da aula virtual

Tema 1. Primeiros pasos: acceso á aula virtual

Tema 2. Perfil de usuario

- Perfil de usuario
- Modificar o perfil de usuario

# TEMA 0. Estrutura básica da aula virtual

## Páxina principal

A páxina principal, que pode ser personalizada, é a páxina ou portada á que se accede desde o navegador. É, polo tanto, a faciana de presentación da aula. Os usuarios fan a súa identificación nesta páxina, é dependendo do sitio pódeselles proporcionar contas, permitirlles inscribirse eles mesmos ou identificalos automaticamente desde outro sistema. Porén, na aula virtual do centro proporciónase aos usuarios, a través da administración da aula, a súas correspondentes contas.

## Estrutura básica dos cursos

A estrutura básica da aula virtual xira arredor de cursos, que son áreas dentro da aula virtual onde o profesorado xestiona actividades e recursos para a súa presentación ao alumnado. Existen diferentes disposicións, pero xeralmente adoita ter un número determinado de seccións na súa parte central onde se mostran as actividades e recursos, e bloques laterais para a xestión do curso e información adicional. xeralmente soen ter una duración dun curso académico, coincidindo co calendario escolar. Non obstante, a súa vixencia é permanente mentres non se programe a súa eliminación ou se elimine da plataforma voluntariamente. Poden ser clasificados por categorías, segundo criterios organizativos.

# TEMA 1. Primeiros pasos: acceso á aula virtual

## Acceso

Unha vez tecleado o enderezo web da aula virtual aparecerá a súa páxina principal. Nela facer clic en "Entrar" situado na parte superior dereita da pantalla.




Aparecerá unha nova pantalla onde escribir o nome de usuario e contrasinal (proporcionados con anterioridade pola administración do curso) e facer clic en "Entrar".




Nota: Algúns cursos poden permitir o acceso de invitados

# TEMA 2. Perfil de usuario

## Perfil do usuario

Unha vez que se acede á plataforma pódese ver o perfil de usuário facendo clic sobre o noso nome (en cor azul) que se atopa na parte superior dereita da pantalla.




Nota: en Moodle a cor azul nun sitio, significa que está activo

## Perfil de usuario (continuación)

Aparecerán os datos do usuario nunha nova pantalla.



## Modificar o perfil de usuario

Para cambiar algún elemento dentro do perfil de usuario, temos que facer clic en “Editar o perfil”.



# Modificar o perfil de usuario (continuación)

## Editar perfil

Aparece una nova pantalla na que podemos ver os nosos datos e introducir una breve descrición e unha imaxe persoal.

(Nota: opcional)



**Modificar o perfil de usuario**

**(continuación)**

**Poñer imaxe persoal (foto)**

Para inserir unha foto do usuario no noso perfil, o primeiro que temos que facer é escoller unha foto e con un editor de imaxes recortala para deixala co aspecto dunha fotografía de carné de identidade. Isto quere dicir que o tamaño da foto debe ser pequeno. Esta imaxe xa recortada podemos gardala no lugar que queiramos (por exemplo no escritorio, en imaxes...).

A continuación, e volvendo a “Editar o perfil”, facer clic en “Imaxe do usuario”



## Modificar o perfil de usuario

## (continuación)

## Poñer imaxe persoal (foto)

Unha vez clic en “Imaxe de usuario, abrirase un cadro de arquivos



## Modificar o perfil de usuario

## (continuación)

## Poñer imaxe persoal (foto)

No cadro Nova imaxe, facemos clic en cadradiño "Engadir"



## Modificar o perfil de usuario (continuación)

## Poñer imaxe persoal (foto)




Ábrese outro cadro de selección de ficheiros, facemos clic en "enviar un ficheiro", buscamos o lugar onde está a foto, a seleccionamos e facemos clic en "Enviar este ficheiro".



## Modificar o perfil de usuario (continuación)

## Poñer imaxe persoal (foto)

A continuación aparecerá o ficheiro subido.

Para finalizar facemos clic en "Actualizar perfil".

Nota: outra maneira de subilo ficheiro é arrastrando a imaxe do lugar onde se encontra gardado ata o recadro de "Nova imaxe".



# Modificar o perfil de usuario (continuación)

Aspecto do noso perfil actualizado

